

MANUAL DE PREVENCIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS LABORAIS NA CONSTRUCCIÓN

PRESCRICIÓN DE SEGURIDADE NO TRABALLO

1. XENERALIDADES

A política de prevención ten por obxecto a promoción da mellora das condicións de traballo no senso de aumenta-lo nivel de protección da seguridade e da saúde dos traballadores no traballo. Esta política efectuarase por medio das normas regulamentarias e das actuacións administrativas que correspondan e, en particular, as que se regulan no capítulo II da Lei de prevencións de riscos laborais, Lei 31/1995, do 8 de novembro, BOE do 10 de novembro, Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servicios de prevención, BOE do 31 de xaneiro e Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, BOE do 25 de outubro, que se orientan á coordinación das distintas administracións públicas competentes en materia preventiva e a que se harmonicen con elas as actuacións que conforme á dita lei lles correspondan ós suxeitos públicos e privados.

Neste manual establécense as directrices básicas que hai que ter en conta durante as obras co fin de previr-los riscos de accidentes laborais e enfermidades profesionais do persoal que interveña nelas e evitar danos a terceiros, polo que, ademais, terase en conta o disposto nos seguintes reais decretos:

RD 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

RD 487/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación de cargas que entrañe riscos, en particular dorso-lumbares, para os traballadores.

RD 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual.

RD 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo.

O obxectivo principal deste manual é diminuí-lo número e a gravidade dos accidentes nas obras e aumentar á par o benestar dos traballadores. Para acadar este obxectivo é preciso planificar e pensar nos distintos problemas antes de que xurdan e achegar distintas solucións de xeito que se poida elixir entre as máis convenientes, xa que actuando de forma improvisada moitas veces non é posible. Como consecuencia, e en moitos casos, detéctase un aumento do rendemento e da produtividade.

2. PRESCRICIÓN XERAS

Todo o persoal da empresa, calquera que sexa a súa clasificación, será responsable da estricte observancia destas prescricións de seguridade, cun cumprimento que é obrigatorio.

Para realizar un traballo, tomaranse as medidas oportunas de prevención, ánda que ás veces isto supoña unha maior duración do traballo.

O encargado da obra debe comprobar, baixo a súa responsabilidade, se se cumpren as prescricións de seguridade, asegurándose de que as condicións de traballo sexan seguras, de que se empregan as proteccións necesarias e os medios de seguridade axeitados, e de que as ferramentas, materiais e medios auxiliares, tanto de traballo como de seguridade e primeiros auxilios, están en debidas condicións.

O encargado de obra debe asegurarse de que tódolos operarios comprenden plenamente a tarefa que se lles asignou, facéndolles repetir, se é necesario, as instruccións que del recibiron, admitindo cantas preguntas e suxestión poidan formularlle, especialmente no que afecta a riscos posibles e a súa forma de evitalos.

Todo operario debe darlle conta ó encargado de obra das situacións inseguras que observe no seu traballo, e advertilo do material ou ferramentas que se atopen en mal estado.

Prohíbense expresamente os mal chamados “actos de valentía”, que entrañan sempre un risco evidente.

Prohíbese consumir bebidas alcólicas no traballo.

3. ANÁLISE DOS RISCOS

LISTA DE RISCOS NOS LUGARES DE TRABALLO, CÓDIGOS DE FORMA:

<u>CÓDIGOS DE FORMA DE ACCIDENTES</u>	
01	Caída de persoas a distinto nivel
02	Caída de persoas ó mesmo nivel
03	Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
04	Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
05	Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
06	Pisadas sobre obxectos
07	Choques e golpes contra obxectos inmóviles
08	Choques e golpes contra obxectos móbiles de máquinas
09	Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
10	Proxección de fragmentos ou partículas
11	Atrapamento ou esmagamento por ou entre obxectos ou máquinas
12	Atrapamento ou esmagadura por volta de máquinas ou vehículos
13	Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
14	Exposición a temperaturas ambientes extremas
15	Contactos térmicos
16	Contactos eléctricos
17	Inhalación ou ingestión de substancias nocivas ou tóxicas
18	Contacto con substancias cáusticas e/ou corrosivas
19	Exposición a radiacións
20	Explosións
21	Incendios
22	Accidentes causados por seres vivos
23	Atropelos ou choques con ou contra vehículos
24	Accidentes de tráfico
25	Accidentes por causas naturais
26	Outros non especificados
<u>CÓDIGOS DE FORMA DE ENFERMIDADES</u>	
27	Axentes físicos
28	Axentes químicos
29	Axentes biolóxicos
30	Outras circunstancias

4. MEDIOS DE PROTECCIÓN

4.1 EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- **CASCO:** tódalas persoas que estean vinculadas á obra e tamén todas aquelas que ocasionalmente estean nela, tales como técnicos, mandos intermedios, traballadores e visitas están obrigados a usalo dentro do recinto da obra. Preverase unha provisión abonda na obra.
- **BOTAS:** proporcionaráselles ós traballadores, cando o estado da obra o aconselle, e serán altas e impermeables. Cando exista risco de caída de obxectos pesados serán con punteira reforzada e, se hai posibilidade de picaduras con puntas, estarán dotadas de sobreplanta metálica.
- **TRAXES DE AUGA:** proporcionaráselle a cada traballador cando o estado do tempo o requira.
- **CINTO DE SEGURIDADE:** serán axeitados segundo o risco e haberá que empregalos obrigatoriamente cando se realicen traballos en altura con risco, sen protección colectiva e en estaribéis colgantes. Amarraranse a elementos fixos de maneira que a caída libre non exceda dun metro.
- **LENTES:** se existe risco de proxección de partículas ou po nos ollos, os traballadores protexeranse con lentes axeitadas que lles impidan as lesións oculares.
- **GUANTES:** utilizaranse nos traballos con risco nas mans de feridas, alerxias, edemas, etc.
- **MÁSCARAS:** utilizaranse máscaras antipó para os traballos nos que se manexen serras de corte circular, corte de pezas cerámicas ou similares.
- **MONO DE TRABALLO:** dotarase a cada traballador dun mono de traballo e teranse en conta as reposicións ó longo da obra.
- **VIARIOS:** empregaranse outras proteccións individuais, sempre que o esixan as condicións de traballo, tales como mandís de coito, guantes dieléctricos, pantalla de soldador, botas illantes, protectores auditivos, etc. e calquera outra non enumerada neste parágrafo, sempre que a seguridade o requira.

4.2. PROTECCIÓNS COLECTIVAS

- **SINALIZACIÓN XERAL:** instalaranse os seguintes carteis indicativos de:
 - PROHIBIDO O PASO A TODA PERSOA ALLEA Á OBRA.
 - USO OBRIGATORIO DO CASCO.
 - Nos cadros eléctricos de obra, instalaranse carteis indicativos de risco eléctrico.
 - Disporase sinal informativo para a localización da caixa de urxencias e extintores.
- **NIVEIS SUPERPOSTOS:** nos traballos en distintos niveis superpostos, protexeranse ós traballadores dos niveis inferiores con pantallas, redes, viseiras ou outros elementos, que protexan contra a caída de obxectos.
- **ZONAS DE PASO E LIMPEZA DA OBRA:** cando houbese zonas con obstáculos e dificultades de paso, polas que teñan que circular traballadores, estableceranse zonas de paso limpas de obstáculos e claramente visibles e sinalizadas. En xeral, procurarase mante-la obra limpa de obstáculos, os materiais almacenaranse ordenadamente.
- **DISPOSITIVOS DE SEGURIDADE:** tódalas instalacións eléctricas e máquinas eléctricas ou con parte eléctrica, cumprirán coa lexislación vixente nesta materia, tanto no referente a estanquidade, como á protección contra contactos eléctricos directos e indirectos. (Suxeicións antidesenganchables e caídas, serán estancas á auga e ó po, terán tomas de terra, diferenciais, dobre illamento ou dispoñerán de tensión e ferramentas a 24 V.).

4.3. POSTA NA OBRA DOS ELEMENTOS DE PROTECCIÓN

Os elementos de protección colectivos e individuais deberán estar dispoñibles na obra con antelación ó momento en que sexa necesaria a súa utilización. Os elementos de protección colocaranse antes de que exista o risco e se é necesario quitar circunstancialmente a protección para algunha operación concreta, esta reporase inmediatamente.

4.4. REVISIÓNS DOS ELEMENTOS DE PROTECCIÓN

Os elementos de protección revisaranse periodicamente, de maneira que estean sempre en condicións de cumpri-la súa función. Os elementos que nas revisións se vexan danados de forma que non poidan cumpri-lo seu cometido, serán inutilizados para o seu servizo se non teñen arranxo e, no caso de que sexa posible a súa reparación, unha persoa competente repararaos, de maneira que se garanta o seu bo funcionamento e que cumpran co seu cometido.

5. A SEGURIDADE APLICADA NO PROCESO CONSTRUCTIVO

Á vista do conxunto de riscos previsibles, expóñense a continuación os procedementos e equipos técnicos que se van utilizar e a redución de riscos nestes traballos, as medidas preventivas axeitadas, a indicación das proteccións persoais necesarias e as proteccións colectivas esixidas para os traballadores.

A **orde** e a **limpeza** son factores fundamentais na boa marcha dunha obra. Polo tanto, recoméndase mante-las zonas de traballo despexadas en todo momento, recollendo os residuos segundo se xeran e depositándoos en contedores para evitar invadi-las zonas de traballo ou tránsito propias ou doutros traballadores.

5.1. DEMOLICIÓN

A.- Descrición dos traballos:

Realizárase, sempre que xorda a necesidade, a demolición parcial de diversos elementos construídos, que por circunstancias sexa preciso para adapta-la súa configuración ás necesidades do proxecto. Para este tipo de traballos empregáranse estaribeis metálicos tanto interiores como exteriores.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 03 Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóbiles
- 08 Choques e golpes contra obxectos móbiles de máquinas
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 12 Atrapamento ou esmagadura por volta de máquinas ou vehículos
- 13 Sobre esforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 23 Atropelos ou choques con o contra vehículos
- 27 Exposición a axentes físicos (ruído)
- 28 Exposición a axentes químicos (po)

C.- Normas básicas de seguridade:

- A demolición executarase practicamente ó mesmo nivel, sen que haxa persoas situadas na mesma vertical nin na proximidade de elementos que se derruben ou envorquen.
- En xeral, desmontáranse sen tora-los elementos que poidan producir cortes ou lesións e o torado dun elemento realizarase por pezas de tamaño manexable por unha soa persoa.
- O corte ou a desmontaxe de elementos pesados realizarase manténdooos suspendidos ou apontoados.
- Para deitar un elemento permitírase o xiro pero non o desprazamento dos seus puntos de apoio.
- Non crear sobrecargas cos entullos, evacuando estes mediante ramplas, sacos, bateas ou canetas e nunca se lanzarán desde o alto.
- Sobre unha mesma zona nunca se executarán traballos a distintos niveis.
- Toda abertura existente ou que se abra nos forxados deberá protexerse con varandas e redes de seguridade.
- As escaleiras e pasarelas do edificio que lles sirvan de vías de tránsito ós traballadores manteranse indemnes ata o momento do seu derrubamento.
- O punto de amarre do cinto de seguridade situarase sempre por riba da cabeza dos traballadores.
- As pezas de dimensións excesivas e non destrozables descolgaranse mediante o guinche de carga.
- Non se amontoarán entullos nas beiras dos forxados ou noutros lugares onde poidan caer de xeito imprevisto. Procurárase evita-la formación de po, mediante rega lixeira da zona.

D.- Equipos de protección individual:

XERAIS:

- Casco de seguridade.
- Guantes de coiro.
- Máscara antipó.
- Lentes anti-impacto e lentes antipó.
- Cinto de seguridade adecuado.
- Botas de seguridade resistentes a accións mecánicas.
- Mono de traballo, traxes de auga e botas impermeables.

ESPECÍFICOS:

- Pantalla de protección de soldadura autóxena.
- Protectores auditivos.
- Cinto antivibratorio.
- Guantes e manguitos de soldador.
- Mandil e polainas de coiro.
- Guantes dieléctricos.

E.- Proteccións colectivas:

- Delimitación da zona de traballo da maquinaria.
- Protección de desniveis con varandas ou redes.
- Apontoamentos.
- Plataformas de traballo apoiadas sobre tres viguetas.
- Ancoraxes para cintos de seguridade.
- Tolvas de evacuación de entullos.
- Pasarelas de circulación e acceso.
- Limpeza de entullos en zonas de paso e escaleiras.
- Rega do entullo (sen encharcar).

5.2. ESCAVACIÓNS E MOVEMENTO DE TERRAS

A.- Descrición dos traballos:

O movemento de terras preciso é o resultante dos entullos que se poidan producir e o relativo á escavación dos cimentos. Previamente se realizará a limpeza nas zonas de actuación. Iniciarase con medios manuais e o material evacuarase mediante camións de tonelaxe media.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 03 Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 08 Choques e golpes contra obxectos móbiles de máquinas
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 12 Atrapamento ou esmagadura por volta de máquinas ou vehículos
- 13 Sobre esforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 23 Atropelos ou choques con ou contra vehículos
- 27 Exposición a axentes físicos (ruído)
- 28 Exposición a axentes químicos (po)

C.- Normas básicas de seguridade:

- As manobras de maquinaria e a saída á rúa de calquera vehículo dirixiranse por persoa distinta ó conductor do vehículo.

D.- Equipos de protección individual:

XERAIS:

- Casco de seguridade.
- Guantes de coiro.
- Máscara antipó.
- Lentes anti-impacto e lentes antipó.
- Botas de seguridade adecuadas.
- Mono de traballo, traxes de auga e botas impermeables.

ESPECÍFICOS:

- Protectores auditivos.
- Cinto antivibratorio.

E.- Proteccións colectivas:

- Sinais de tráfico.
- Correcta sinalización.
- Ordenación de maquinaria e camións.
- Rega de zonas de traballo de máquinas (sen encharcar).

F.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- **ACONDICIONAMENTO DO TERREO EDIFICABLE:**
 - Organiza-los lugares de paso de vehículos de peóns, procurando deixar un corredor de seguridade libre de tránsito ó redor da zona que se vai escavar.
 - Instalar sinais de tráfico e de seguridade que evite, na medida do posible, que a maquinaria invada as zonas peatonais.
 - Mantelo limpo e ordenado, procurando almacena-los materiais adecuadamente e, se é posible, afastados da zona de escavación.

- **REALIZAR RAMPLA DE ACCESO PARA VEHÍCULOS:**
 - Facilitarase o acceso e o traballo da maquinaria, diminuindo a posibilidade de volta.

- **MAQUINARIA EN BO ESTADO:**
 - Revisar periodicamente a maquinaria: condicións da cabina, sistema antivolta, sinais acústicas e luminosas, etc.

- **REALIZAR TALUDE OU ESTEADO:**
 - Esta medida diminúe a posibilidade de derrubamento.

- **DEIXAR UNHA ZONA DE SEGURIDADE Ó REDOR DO PERÍMETRO:**
 - Impedi-la acumulación de materiais na beira do talude. Deste modo evítanse caídas de obxectos e diminúe a tensión transmitida ó terreo nunha zona tan particular.
 - Prohibi-lo tránsito de persoas e vehículos nunha zona perimetral de dous metros como mínimo. Instala-las zonas de traballo noutros lugares.
 - Utilizar maquinaria con sistemas de aviso acústico e visual.
 - Xeneraliza-lo uso de guantes, casco e botas de seguridade.

5.3. CIMENTACIÓNS

A.- Descrición dos traballos:

As cimentacións realizaranse a base de muros, gabias e vigas de atado en formigón armado, executadas por medios manuais e co apoio de medios mecánicos.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóbiles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobre esforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos

C.- Normas básicas de seguridade:

- Delimitación das áreas de abasto.
- As armaduras suspenderanse con eslingas.
- Limpeza xeral e esmerada da zona de traballo.
- O punto de amarre do cinto de seguridade situarase sempre por enriba da cabeza dos traballadores.

D.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Guantes de coiro.
- Mono de traballo.
- Traxes de auga.
- Botas de seguridade.
- Lentes de protección anti-impacto.
- Cinto de seguridade.

E.- Proteccións colectivas:

- Varandas de protección en desniveis.
- Sinalización adecuada.
- Ancoraxes para cintos de seguridade.

F.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- EVITAR CAÍDA DE MATERIAL Á ZONA DE TRABALLO:
 - Deixar un espazo de seguridade entre a parede da escavación e o material amontoado.
 - Evita-la caída ó mesmo nivel.
- MANTER LIMPAS AS ZONAS DE TRABALLO, RETIRANDO OS RESIDUOS QUE SE XEREN.
 - Non abandona-las ferramentas en zonas de paso.
 - Utilizar prendas de protección:
 - *Guantes para evitar rabuñaduras ou feridas producidas durante a manipulación de material.

5.4. ESTRUCTURA, FORMIGONADO, ENCOFRADO E DESENCOFRADO

A.- Descrición dos traballos:

A estrutura consiste xeralmente na execución dunha armazón de piares, trabes e forxados de lousas, nervios e bovedillas. Para estes traballos utilizaremos guinche de carga e o formigón será prefabricado e bombeado. Utilizaranse vibradores eléctricos e serras de disco para cortar madeira.

Na execución de elementos singulares con estrutura metálica, no suposto de que ocasionalmente fose necesario, no caso de existir liñas eléctricas nas proximidades da montaxe, víxianse as distancias de seguridade, trasladaranse, se é o caso, ou evítanse oportunamente e con seguridade. Tódolos traballos de unión de perfís que sexan factibles faranse no chan, executando en altura os estrictamente imprescindibles.

Os piares e vigas, unha vez asentados e apromados, puntéaranse estando suxeitos aínda polo guindastre. Para facer máis seguras as manobras, engadiránselles ós elementos estruturais unhas argolas que permitan suxeita-los cintos de seguridade, redes e cables.

Usarase soldadura por arco e empregaranse cables suspendidos de soportes axeitados, que non deben de entrar en contacto nin coa auga nin co aceite. A pinza porta-electrodo será lixeira de peso e boa conductora da electricidade e estará ben illada eléctrica e calorificamente. A toma de terra será robusta e asegurará un contacto eléctrico constante coa peza que se vai soldar.

As normas elementais de precaución que deben terse presentes en toda soldadura son:

- Toma de corrente correcta.
- Posta a terra correcta do grupo de soldadura.
- Os conductores han de estar en perfecto estado, evítanse longos látegos.
- Non se deben deixa-los grupos baixo tensión se se vai realizar unha parada relativamente longa.
- Non se deben deixa-las pinzas sobre obxectos metálicos, senón sobre illantes.
- Non se comezará a soldar sen as debidas proteccións persoais tales como casco, pantallas, guantes, mandil e polainas.

A posta na obra dos materiais e medios necesarios realizarase mediante guindastre ou guinche de carga. O formigón fornecerase de central, premesturado e en camións formigoneira. Usaranse serras de cortar madeira e vibradores eléctricos.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 08 Choques e golpes contra obxectos móbiles de máquinas
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 16 Contactos eléctricos

C.- Normas básicas de seguridade:

- O encofrado realizarase ordenadamente de abaixo cara a arriba e con pezas preparadas con anterioridade.
- O desencofrado realizarase de arriba cara a abaixo e a madeira desencofrada desproverase de puntas.
- Os encofradores levarán as ferramentas suxeitas convenientemente en bolsas ou cintos que eviten a súa caída involuntaria.
- O formigonado do forxado farase desde tablóns.
- Cando o guindastre eleve os materiais, o persoal non estará debaixo da carga suspendida.

D.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Botas de coiro con sobreplantas de aceiro e/ou botas de goma, (dependendo do traballo que se vai realizar).
- Guantes de coiro.
- Cinto de seguridade.
- As propias de soldadura para esta operación (pantalla, guantes, manguitos, mandil e polainas).
- Gafas de seguridade anti-impactos.

E.- Proteccións colectivas:

- Redes de seguridade.
- Varandas.
- "Mallazos" para peche de ocos.
- Ancoraxe para cintos de seguridade.
- Emprego de escaleiras e banquetas adecuadas.
- Conexión a terra de tódalas máquinas eléctricas.
- Cadros eléctricos estancos e provistos de diferenciais.

F.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- **ASEGURARSE PARA EVITAR CAÍDAS:**
 - Comproba-la rixidez na instalación de puntais.
 - Evitar situacións de desequilibrio; traballar nunha postura estable.
 - Instalación de redes de seguridade no perímetro do forxado no que se traballa, procurando que no queden ocos entre a rede e o forxado. Fixar convenientemente as forcas á estrutura.
 - Utilizar escadas adecuadas e en perfecto estado. Asegurar que esta sobresaia 1 metro por encima da superficie de desembarco.
 - Uso axeitado do cinto de seguridade.
- **UTILIZACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL:**
 - Utilizar guantes para evitar feridas producidas durante a manipulación do material.
 - Utilizar casco nas zonas de traballo.
 - Utilizar lentes cando exista risco de proxección de partículas.
 - Utilizar prendas necesarias para soldar.
 - Utilizar cintos de seguridade.
- **UTILIZACIÓN CORRECTA DAS FERRAMENTAS:**
 - Utiliza-la serra circular coa carcasa de protección.
 - Coloca-la maquinaria en lugar adecuado.
 - Evita-lo paso por debaixo dun operario que coloca o encofrado, para evitar lesións por caídas de ferramentas ou material.
 - Utiliza-lo equipo de soldadura seguindo as normas de seguridade.
- **PROTECCIÓN DO PERÍMETRO DO FORXADO Ó DESENCOFRAR:**
 - Evitar, na medida do posible, que se precipite material cara ó exterior para impedi-lo deterioro ou rotura das redes de seguridade e para asegurar que, no caso de rotura da rede, o material de desencofrado caia sobre unha zona inferior de traballo.
- **ZONA DE TRABALLO LIMPA:**
 - Retirar regularmente os materiais de refugallo para mante-la zona de traballo despexada, asegurando así a liberdade de movemento, tan necesario nesta tarefa, xa que en moitos momentos é necesaria a retirada do traballador cando caen pezas do encofrado.
 - Evita-la acumulación de residuos xa que poden producir tropezos en zonas perigosas como son os ocos horizontais e verticais.

5.5. CERRAMENTOS

A.- Descrición dos traballos:

Neste apartado da obra, contémplanse os traballos precisos para realiza-las fachadas e a carpintería exterior. Empregaranse estaribeis metálicos tanto exteriores como interiores, nos cales o persoal estará totalmente protexido. As fachadas presentan un risco medio durante a súa execución, circunstancia que obriga a adopta-las precaucións relativas á seguridade.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 18 Contacto con substancias cáusticas e/ou corrosivas

C.- Normas básicas de seguridade:

- Uso obrigatorio dos equipos de protección persoal.
- Colocación de medios de protección colectiva.
- Os operarios non deben efectuar traballos individualmente.

D.- Equipos de protección individual:

- Cinto de seguridade.
- Guantes de coiro.
- Lentes anti-impacto.
- Casco de seguridade.
- Botas de seguridade.

E.- Proteccións colectivas:

- Redes de protección.
- Varandas.
- Sinais de seguridade.
- Cordas ou cables.

F.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- **PROTECCIÓN DO PERÍMETRO DO FORXADO:**
 - Evitar, na medida do posible, que se precipite material cara ó exterior para impedi-lo deterioro ou rotura das redes de seguridade e evita-la lesión por caída de material sobre unha zona inferior de traballo.
- **USO DAS PRENDAS DE PROTECCIÓN:**
 - Utilizar guantes durante a colocación de ladrillos e pezas cerámicas.
 - Utilizar casco.
- **ZONA DE TRABALLO LIMPA:**
 - Retirar regularmente os materiais de refugallo para mante-la zona de traballo despexada.
 - Evita-la acumulación de residuos xa que poden producir tropezoños en zonas perigosas como son os ocos horizontais e verticais.

5.6. CUBERTAS

A.- Descrición dos traballos:

A execución deste tipo de traballos presenta un risco medio-alto, débense extrema-las medidas de seguridade durante a súa execución, sobre todo na fase de colocación de caneiros e remate de beirís en fachadas e patios interiores.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 03 Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos

C.- Normas básicas de seguridade:

- Plataforma metálica voada perimetral ancorada ó forxado.
- Escaleiras en vertente de cuberta.
- Non amorear excesivos materiais no mesmo punto.
- Non traballar con vento forte, xeadas e chuvias.
- Utiliza-los equipos de protección individual.

D.- Equipos de protección individual:

- Cintos de seguridade.
- Botas de seguridade.
- Cascos de seguridade.
- Mono de traballo.

E.- Proteccións colectivas:

- Parapetos ríxidos nos beirados.
- Plataforma de traballo nos beirados.

5.7. ALBANELERÍA

A.- Descrición dos traballos:

Os traballos de albanelería que se poden realizar no edificio son os habituais para este tipo de unidades de obra e entre os de máis risco podemos enumera-los rebocados e lucido, tabiquería, etc. Entre os elementos auxiliares máis destacados polo seu maior uso destacan os estaribeis de burros e as escaleiras de madeira ou metálicas.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobre esforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 18 Contacto con substancias cáusticas e/ou corrosivas
- 28 Exposición a axentes químicos (po).

C.- Normas básicas de seguridade:

- Orde e limpeza en cada tallo.
- Eliminar obstáculos en torno á zona de traballo.

D.- Equipos de protección individual:

- Mono de traballo.
- Casco de seguridade.
- Guantes de goma.
- Uso de dedeiras reforzadas.
- Manoplas de coiro.
- Lentes de seguridade antipó e impactos.
- Máscara antipó.

E.- Proteccións colectivas:

- Colocación de varandas superior e intermedia resistentes con rodapé.
- Peche de seguridade nos ocos do forxado.
- Antepeito de seguridade nos ocos de fachadas.
- Instalación de marquesiñas e redes no nivel adecuado.
- Coordinación co resto de oficios intervinientes.

5.8. SOLLADOS E ALICATADOS

A.- Descrición dos traballos:

Neste capítulo contéplanse tódalas unidades de obra relativas a pavimentos, revestimentos, pinturas e traballos de decoración.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 16 Contactos eléctricos
- 18 Contacto con substancias cáusticas e/ou corrosivas
- 28 Exposición a axentes químicos (po).

C.- Normas básicas de seguridade:

- Comproba-lo estado dos medios auxiliares.
- Orde e limpeza en cada tallo.

D.- Equipos de protección individual:

- Mono de traballo.
- Casco de seguridade.
- Cinto de seguridade.
- Guantes de coiro.
- Guantes de goma.
- Calzado de seguridade.
- Lentes anti-impacto e po.
- Máscaras antipó.

E.- Proteccións colectivas:

- Uso dos medios auxiliares adecuados.
- Orde e limpeza na zona de traballo.

5.9. CARPINTERÍA

A.- Descrición dos traballos:

Estes traballos comprenden as unidades de obra relativas á carpintería interior e exterior e ó acristalamento e selado dela. Deberase ter en conta con especial atención o proceso de montaxe e acristalamento das ventás de fachadas.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 16 Contactos eléctricos

C.- Normas básicas de seguridade:

- Comproba-lo estado dos medios auxiliares.
- Orde e limpeza en cada tallo.
- Provisión ordenada dos vidros.

D.- Equipos de protección individual:

- Mono de traballo.
- Casco de seguridade.
- Cinto de seguridade.
- Guantes de coiro.
- Calzado de seguridade.
- Lentes anti-impacto.
- Correas de pulso e manguitos de coiro.

E.- Proteccións colectivas:

- Uso dos medios auxiliares adecuados.
- Orde e limpeza na zona de traballo.

5.10. CARGA E DESCARGA

A.- Descrición dos traballos:

Estas unidade de obra comprenden as relativas ás operacións de carga e descarga de mercancías, entullos, etc. e a correcta manipulación deles.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas suspendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobre esforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos

C.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- Levantamento adecuado das cargas. Para un levantamento de cargas que non produza lesións lumbares hai que:
 - Non levantar máis carga que a que admita a capacidade do operario. Non exceder de 25 Kg.
 - Considerar estes seis elementos á hora de levantar un peso:
 - 1? Abri-las pernas lixeiramente e coloca-los pés rodeando a carga que se vai levantar.
 - 2? Flexiona-las pernas e mante-las costas dereitas, non necesariamente vertical.
 - 3? Mante-lo queixo cerca do corpo. Non estira-lo colo.
 - 4? Utiliza-las palmas das mans para agarrar fortemente a carga procurando segui-lo contorno da carga.
 - 5? Situa-los cóbados pegados ó corpo e efectua-lo levantamento coa forza da musculatura das coxas, nunca cos das costas.
 - 6? Acerca-lo corpo á carga para centraliza-lo peso.
- Deposita-las cargas adecuadamente:
 - Non lanza-las cargas de calquera xeito.
 - Non invadi-las zonas de paso cos materiais descargados.
 - Non curva-las costas; utiliza-lo sistema de levantamento de cargas á inversa.
- Utiliza-los guantes:
 - Deste modo evitaremos feridas e rabuñaduras coas posibles arestas vivas.
- Zona de traballo adecuada:
 - Asegurarse de que a zona por onde transitan os operarios está libre de obstáculos.
- Utiliza-lo calzado de seguridade:
 - Desta forma protéxense os pés fronte ó impacto de obxectos pesados.
- Os ganchos de pendura-los aparellos de izar quedarán libres de cargas durante as fases de descanso.
- As cargas en transporte suspendido estarán sempre á vista do que a transporta co fin de evitar accidentes por falta de visibilidade da traxectoria da carga.
- Prohíbese permanecer ou traballar en zonas baixo a traxectoria de cargas suspendidas.
- Os aparellos de izar estarán equipados con limitador de percorrido do carro e dos ganchos.
- Os ganchos de suxeición ou sustentación serán de aceiro provistos de ferrollos de seguridade.
- Os ganchos pendentes de eslingas estarán dotados de ferrollos de seguridade.
- Os contedores terán sinalado visiblemente o nivel máximo de enchido e a carga máxima admisible.
- Tódolos aparellos de izado de cargas levarán impresa a carga máxima que poidan soportar.

5.11. UTILIZACIÓN DO GUINDASTRE

A.- Descrición dos traballos:

Estas unidades de obra comprenden as relativas ás operacións de manobra dos guindastres e a correcta manipulación deles.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 03 Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas suspendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 08 Choques e golpes contra obxectos móbiles das máquinas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 12 Atrapamento ou esmagadura por volta de máquinas ou vehículos
- 16 Contactos eléctricos

C.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Botas de seguridade segundo os casos.
- Calzado antiesvarante segundo os casos.
- Cinto de seguridade.
- Roupa de traballo.
- Traxes para ambientes chuviosos.
- Guantes de coiro.
- Guantes de goma ou PVC.

D.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- Suxeición adecuada da carga:
 - Asegurarse de que os cables, cadeas ou cordas utilizadas estean en bo estado, realizando revisións periódicas en repouso e ó longo de toda a súa lonxitude, prestando especial atención ás partes máis expostas.
 - Desbota-los cables que presenten redución anormal do diámetro, que teñan arames rotos ou nós.
 - Interpoñer pequenas pezas de madeira ou cartón para evitar que o rozamento da carga deteriore a eslinga.
- Levantamento e transporte:
 - Levanta-las cargas verticalmente para evitar balanceos que puidesen descoloca-la carga ou imprimir demasiada tensión ós cables.
 - Utilizar ganchos con ferrollo de seguridade. Desbota-los ganchos abertos ou dobrados.
 - Durante o transporte da carga, non invadi-las zonas de traballo.
 - Engancha-la carga por dos puntos no caso de transporte de tablóns ou pranchas, e en catro se a carga é cúbica.
 - Utilizar dobre eslinga para asegurar que non quedan folguras entre o lazo e a carga.
- Colocación adecuada do guindastre:
 - Deixar unha distancia mínima de seguridade de 6 metros en proxección horizontal, entre o punto máis desfavorable da carga ou do guindastre e os cables eléctricos.
 - Asegurarse de que tanto os carrís como a estrutura da grúa estean provistos de toma de terra.
 - O guindastre terá estabilidade e resistencia adecuada, para evita-lo risco de volta, instalando, se é necesario, tirantes metálicos.
- Utilización de prendas de protección:
 - Xeneraliza-lo uso de guantes, casco e botas de seguridade.

5.12. FERRAMENTAS E MAQUINARIA DE OBRA

A.- Descrición dos traballos:

Estas unidades de obra comprenden as relativas ás operacións de manipulación de ferramentas e pequena maquinaria, tales como formigoneira eléctrica, mesa de serra circular, pistola fixa-cravos, trade portátil, rozadora eléctrica, pistola pneumática grampadora, etc.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas suspendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 08 Choques e golpes contra obxectos móbiles das máquinas
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 16 Contactos eléctricos
- 27 Exposición a axentes físicos (ruído)
- 28 Exposición a axentes químicos (po)

C.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Botas de seguridade segundo os casos.
- Calzado antiesvarante segundo os casos.
- Cinto de seguridade.
- Roupa de traballo.
- Traxes para ambientes chuviosos.
- Guantes de coiro.
- Guantes de goma ou PVC.
- Mandís de coiro.
- Polainas de coiro.
- Lentes de seguridade antiproxeccións.
- Faixa elástica.
- Protectores auditivos.
- Protección antipó.

D.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- As máquinas-ferramenta con trepidación estarán dotadas de mecanismos de absorción e amortecemento.
- Os motores con transmisión a través de eixes e poleas estarán dotados de carcasas protectoras antiatrapamentos (machucadoras, serras, compresores, etc.).
- As carcasas protectoras de seguridade permitirán a visión do obxecto protexido.
- Os motores eléctricos estarán cubertos de carcasas protectoras eliminadoras do contacto directo coa enerxía eléctrica. Prohíbese o seu funcionamento sen carcasa.
- Prohíbese a manipulación de calquera elemento compoñente dunha máquina eléctrica cando está conectada á rede de subministración.
- As máquinas de funcionamento irregular ou avariadas serán retiradas inmediatamente para que se reparen e, no caso de que non se poidan retirar, sinalizáranse con carteis de aviso "Máquina avariada, non a conectedes".
- Cadros eléctricos axeitados:
 - Procurar unha localización correcta, se é posible protexido da intemperie. O cadro debe ter diferenciais e magnetotérmicos e debe estar provisto de sinalización sobre o perigo de electrocución. Así mesmo, soamente o persoal cualificado debe manipulalo.
- Cableado:

As tomas de corrente deben ser adecuadas, polo tanto empregaranse caravillas normalizadas. Os cables deben estar en bo estado, evítanse empalmes, enganches ou contacto con arestas vivas ou zonas húmidas.
- Ferramentas e maquinaria:
 - Utilizar maquinaria con toma de terra así como ferramentas illantes. Procura-lo bo estado delas.
 - Utilizar guantes e calzado illante.
- Maquinaria segura:
 - Utilizar maquinaria antivolta e equipada con sistemas luminosos e acústicos de aviso.
 - Revisar periodicamente os equipos por persoal especializado.
 - Utilizar cabinas insonorizadas ou climatizadas.
 - Evitar engrenaxes ou transmisións sen carcasa de seguridade.
- Traballo seguro:
 - Non invadí-las zonas de traballo. Evitar que os operarios transiten cerca da maquinaria, se non é necesario.
- Mante-las distancias de seguridade respecto doutras máquinas, instalacións ou cables eléctricos.

5.13. GUINCHE DE CARGA. CABRESTANTE MECÁNICO

A.- Descrición dos traballos:

Este apartado abarca tódalas operacións nas que se manipulan cargas por medio do guinche de carga eléctrico ou cabrestante mecánico.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas suspendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 08 Choques e golpes contra obxectos móbiles das máquinas
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 16 Contactos eléctricos

C.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Botas de seguridade segundo os casos.
- Calzado antiesvarante segundo os casos.
- Cinto de seguridade.
- Roupa de traballo.
- Traxes para ambientes chuviosos.
- Guantes de coiro.
- Guantes de goma ou PVC.

D.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- A ancoraxe do guinche de carga ó forxado realizarase mediante 3 bridas pasantes por cada apoio, que atravesarán ó forxado abrazando as viguetas ou nervios del. Tamén pode ancorarse mediante 3 bulóns pasantes por cada apoio, aparafusados a unhas placas de aceiro, para reparto de cargas na cara inferior do forxado.
- O guinche de carga non se debe sustentar por contrapeso.
- A toma de corrente realizarase mediante manguera eléctrica antihumidade dotada de conductor expreso para toma de terra. A subministración realizarase baixo a protección dos disxuntores diferenciais do cadro eléctrico xeral.
- Os soportes do guinche de carga estarán dotados de barras laterais de axuda na realización das manobras.
- Os guinchos de carga que se instalen estarán dotados de:
 - 7? Dispositivo limitador do percorrido da carga en marcha ascendente.
 - 8? Gancho con ferrollo de seguridade.
 - 9? Carcasa protectora da maquinaria con peche efectivo.
 - 10? Os lazos de cables de izado formaranse con 3 bridas e gardacabos.
 - 11? Rótulo indicador da carga máxima autorizada para izar.
- Non se debe ancora-lo cable fiador dos cintos de seguridade ó guinche de carga.
- Colocarase unha argola de seguridade na que ancora-lo cable fiador do cinto de seguridade.

5.14. INSTALACIÓNS DE ELECTRICIDADE

A.- Descrición dos traballos:

As instalacións eléctricas adóitanas facer empresas especializadas que actúan por subcontratación. Suxírese tomar precaucións. É importante ter presente que a montaxe da instalación debe ser directamente axudada pola albanelería que abrirá, suxeitará tubos e cerrará rozas, recibirá cadros, enchufes e interruptores. Nestas tarefas en común pode darse o caso de que sexan dúas subcontratas, a de electricidade e a de albanelería, as que actúen, polo que se pode producir un estado de descontrol de riscos e seguridade.

Por outra parte, recórdase que coa chegada dos instaladores á obra, esta chega ó punto de máxima actividade e interferencia entre intereses de produción. É nesta fase na que máis control se precisa exercer.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagaduras por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 15 Contactos térmicos (chama soprete)
- 16 Contactos eléctricos
- 21 Incendios

C.- Normas básicas de seguridade:

- Comproba-lo estado dos medios auxiliares.
- Orde e limpeza en cada tallo.
- Abasto ordenado dos materiais.
- As máquinas portátiles terán dobre illamento ou toma de terra e protección diferencial.
- Non usar como toma de terra a canalización da auga.
- Revisa-lo instrumental.
- As conexións eléctricas faranse sen tensión.
- As instalacións serán aéreas ou protexidos os cables que estean estendidos no chan.

D.- Equipos de protección individual:

- Mono de traballo con peche de velcro ou cremalleira de plástico.
- Casco de seguridade illante.
- Cinto de seguridade.
- Calzado de seguridade.
- Guantes illantes.
- Botas illantes da electricidade (conexións).
- Banqueta de manobra.
- Comprobadores de tensión.
- Ferramentas illantes.

E.- Proteccións colectivas:

- Uso dos medios auxiliares e equipos de protección individual.
- Orde e limpeza na zona de traballo.

F.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- O almacén para abasto de material eléctrico situarase en lugar adecuado.
- Na fase de apertura e tapado de rozas esmerarase a orde e a limpeza da obra para evita-los riscos de pisadas ou tropezoños e caídas.
- A iluminación nos tallos e vías de circulación será a suficiente e adecuada en canto a intensidade, cor e protección, colocadas de tal forma que non supoña un risco para os traballadores.
- A iluminación mediante “portátiles” efectuarase utilizando portalámpadas estancos con mango illantes e reixa de protección da lámpada.
- Prohíbese a conexión de cables ós cadros de subministración eléctrica de obra sen utiliza-las caravillas adecuadas macho-femia.
- As escadas que se vaian empregar serán do tipo de tesoiras, dotadas de zapatas antiesvarantes e cadeíña limitadora de apertura para evita-los riscos por caídas a distinto nivel.
- Protexeranse os ocos existentes na obra (ascensor, escaleiras, patios, etc.) cunha rede horizontal de seguridade, para elimina-lo risco de caída desde altura e utilizaranse escadas ou estaribeis de burros.
- As probas de funcionamento da instalación eléctrica serán anunciadas a todo o persoal da obra antes de que se inicien para evitar accidentes.
- Antes de facer entrar en carga a instalación, farase unha revisión en profundidade das conexións dos mecanismos, proteccións e empalmes dos cadros xerais.

5.15. INSTALACIÓNS DE FONTANERÍA E APARELLOS SANITARIOS

A.- Descrición dos traballos:

As instalacións de fontanería adóitanas realizar empresas especializadas que actúan por subcontratación. Suxírese tomar precaucións. É importante ter presente que a montaxe da instalación debe ser directamente axudada pola albanelería que abrirá, suxeitará tubos, cerrará rozas, recibirá aparellos, etc. Nestas tarefas en común pode darse o caso de que sexan dúas subcontratas, a de fontanería e a de albanelería, as que actúen, producíndose un estado de descontrol de riscos e seguridade.

Por outra parte, recórdase que coa chegada dos instaladores á obra, esta chega ó punto de máxima actividade e interferencia entre intereses de produción. É nesta fase na que máis control se precisa exercer.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagaduras por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 15 Contactos térmicos (chama soprete)
- 16 Contactos eléctricos
- 21 Incendios

C.- Normas básicas de seguridade:

- Comproba-lo estado dos medios auxiliares.
- Orde e limpeza en cada tallo.
- Abasto ordenado dos materiais.
- As máquinas portátiles terán dobre illamento ou toma de terra e protección diferencial.
- Non usar como toma de terra as canalizacións da auga.
- Revisa-lo instrumental para evitar fugas de gases.
- Protexe-las botellas de gas de fontes de calor.
- As conexións eléctricas faranse sen tensión.

D.- Equipos de protección individual:

- Mono de traballo.
- Casco de seguridade.
- Cinto de seguridade.
- Calzado de seguridade.
- Guantes de coiro.
- Mandil de coiro.
- Guantes de goma ou PVC.
- Gafas de soldador.
- Pantalla de soldadura.
- Manoplas de coiro
- Polainas de coiro.

E.- Proteccións colectivas:

- Uso dos medios auxiliares adecuados.
- Orde e limpeza na zona de traballo.

F.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- O almacén para abasto de material de fontanería e aparellos sanitarios situarase en lugar adecuado.
- Na fase de apertura e tapado de rozas esmerarase a orde e a limpeza da obra para evita-los riscos de pisadas ou tropezo e caídas.
- A iluminación nos tallos e vías de circulación será a suficiente e adecuada en canto á intensidade, cor e protección, colocadas de tal forma que non supoña un risco para os traballadores.
- A iluminación mediante “portátiles” efectuarase utilizando portalámpadas estancos con mango illante e reixa de protección da lámpada.
- Prohíbese conecta-los cables ós cadros de subministración eléctrica da obra sen utiliza-las caravillas adecuadas macho-femia.
- As escadas que se vaian empregar serán do tipo de tesoura, dotadas de zapatas antiesvarantes e cadeíña limitadora de apertura para evita-los riscos por caídas a distinto nivel.
- Protexeranse os ocos existentes na obra (ascensor, escaleiras, patios, etc.) cunha rede horizontal de seguridade para elimina-lo risco de caída desde altura e utilizaranse escadas ou estaribeis de burros.
- O transporte dos tramos de entubado ó lombo por un só home realizarase inclinando a carga cara a atrás, de tal forma que o extremo que vai por diante supere a altura dun home para evitar golpes e tropezos con outros operarios en lugares pouco iluminados ou iluminados a contra luz.
- Os lugares de traballo manteranse limpos de cascotes e recortes. Limparanse conforme se avance, amoreando o entullo para a súa recollida co obxecto de evita-lo risco de pisadas sobre obxectos.
- Evitarase soldar en lugares cerrados para evita-lo risco de respirar produtos tóxicos.
- O local destinado a almacena-las bombonas ou botellas de gases licuados situarase en lugar seguro e ventilado, disporá de porta de seguridade con pechadura e terá iluminación artificial, se é o caso, realizada con material estanco antideflagrante.
- Na porta do almacén colocarase un cartel indicativo do risco de explosión e o de prohibido fumar.

5.16. INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN

A.- Descrición dos traballos:

As instalacións de calefacción adóitanas realizar empresas especializadas que actúan por subcontratación. Suxírese tomar precaucións. É importante ter presente que a montaxe da instalación debe ser directamente axudada pola albanelería que abrirá, suxeitará tubos, cerrará rozas, recibirá aparellos, etc. Nestas tarefas en común pode darse o caso de que sexan dúas subcontratas, a de calefacción e a de albanelería as que actúen polo que se pode producir un estado de descontrol de riscos e seguridade.

Por outra parte, recórdase que coa chegada dos instaladores á obra, esta chega ó punto de máxima actividade e interferencia entre intereses de produción. É nesta fase na que máis control se precisa exercer.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 15 Contactos térmicos (chama soprete)
- 16 Contactos eléctricos
- 21 Incendios

C.- Normas básicas de seguridade:

- Comproba-lo estado dos medios auxiliares.
- Orde e limpeza en cada tallo.
- Abasto ordenado dos materiais.
- As máquinas portátiles terán dobre illamento ou toma de terra e protección diferencial.
- Non usar como toma de terra os tubos de auga.
- Revisa-lo instrumental para evitar fugas de gases.
- Protexe-las botellas de gas de fontes de calor.
- As conexións eléctricas faranse sen tensión.

D.- Proteccións individuais:

- Mono de traballo.
- Casco de seguridade.
- Cinto de seguridade.
- Calzado de seguridade.
- Guantes de coiro.
- Mandil de coiro.
- Guantes de goma ou PVC.
- Lentes de soldador.
- Pantalla de soldadura.
- Manoplas de coiro.
- Polainas de coiro.

E.- Proteccións colectivas:

- Uso dos medios auxiliares adecuados.
- Orde e limpeza na zona de traballo.

F.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- O almacén para abasto de material e aparellos de calefacción situarase en lugar adecuado.
- Na fase de apertura e tapado de rozas esmerarase a orde e a limpeza da obra para evita-los riscos de pisadas ou tropezoños e caídas.
- A iluminación nos tallos e vías de circulación será a suficiente e adecuada en canto á intensidade, cor e protección, colocadas de tal forma que non supoña un risco para os traballadores.
- A iluminación mediante “portátiles” efectuarase utilizando portalámpadas estancos con mango illante e reixa de protección da lámpada.
- Prohíbese conecta-los cables ós cadros de subministración eléctrica de obra sen utiliza-las caravillas adecuadas macho-femia.
- As escadas que se vaian empregar serán do tipo de tesoiras, dotadas de zapatas antiesvarantes e cadeíña limitadora de apertura para evita-los riscos por caídas a distinto nivel.
- Protexeranse os ocos existentes na obra (ascensor, escaleiras, patios, etc.) cunha rede horizontal de seguridade, para elimina-lo risco de caída desde altura e utilizaranse escadas ou estaribeis de burros.
- O transporte dos tramos de entubado ó lombo por un só home realizarase inclinando a carga cara a atrás, de tal forma que o extremo que vai por diante supere a altura dun home para evitar golpes e tropezos con outros operarios en lugares pouco iluminados ou iluminados a contra luz.
- Os lugares de traballo manteranse limpos de cascotes e recortes. Limparanse conforme se avance, amoreando o entullo para a súa recollida co obxecto de evita-lo risco de pisadas sobre obxectos.
- Evitarase soldar en lugares cerrados para evita-lo risco de respirar produtos tóxicos.
- O local destinado a almacena-las bombonas ou botellas de gases licuados situarase en lugar seguro e ventilado, disporá de porta de seguridade con pechadura e terá iluminación artificial, se é o caso, realizada con material estanco antideflagrante.
- Na porta do almacén colocarase un cartel indicativo do risco de explosión e o de prohibido fumar.
- Notificaráselle a todo o persoal a data na que se van realiza-las probas en carga da instalación e das caldeiras co interese de que non se corran riscos innecesarios.
- Os lugares de paso estarán sempre libres de obstáculos. No caso de cruzamento de tubos por lugares de paso, protexeranse cubríndoos con taboleiros ou tablóns, co fin de evitar riscos de caídas.

5.17. INSTALACIÓNS DE AIRE ACONDICIONADO

A.- Descrición dos traballos:

As instalacións de aire acondicionado adóitanas realizar empresas especializadas que actúan por subcontratación. Suxírese tomar precaucións. É importante ter presente que a montaxe da instalación debe ser directamente axudada pola albanelería que abrirá, suxeitará tubos, cerrará rozas, recibirá aparellos, etc. Nestas tarefas en común pode darse o caso de que sexan dúas subcontratas, a do aire acondicionado e a de albanelería, as que actúen, producíndose un estado de descontrol de riscos e seguridade.

Por outra parte, recórdase que coa chegada dos instaladores á obra, esta chega ó punto de máxima actividade e interferencia entre intereses de produción. Nesta fase é na que máis control se precisa exercer.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóbiles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 15 Contactos térmicos (chama soprete)
- 16 Contactos eléctricos
- 21 Incendios

C.- Normas básicas de seguridade:

- Comproba-lo estado dos medios auxiliares.
- Orde e limpeza en cada tallo.
- Abasto ordenado dos materiais.
- As máquinas portátiles terán dobre illamento ou toma de terra e protección diferencial.
- Non usar como toma de terra os tubos de auga.
- Revisa-lo instrumental para evitar fugas de gases.
- Protexe-las botellas de gas de fontes de calor.
- As conexións eléctricas faranse sen tensión.

D.- Proteccións individuais:

- Mono de traballo.
- Casco de seguridade.
- Cinto de seguridade.
- Calzado de seguridade.
- Guantes de coiro.
- Mandil de coiro.
- Guantes de goma ou PVC.
- Lentes de soldador.
- Pantalla de soldadura.
- Manoplas de coiro
- Polainas de coiro.

E.- Proteccións colectivas:

- Uso dos medios auxiliares adecuados.
- Orde e limpeza na zona de traballo.

F.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- O almacén para abasto de material e aparellos de calefacción situarase en lugar adecuado.
- Na fase de apertura e tapado de rozas esmerarase a orde e a limpeza da obra para evita-los riscos de pisadas ou tropezóns e caídas.
- A iluminación nos tallos e vías de circulación será a suficiente e adecuada en canto a intensidade, cor e protección, colocadas de tal forma que non supoña un risco para os traballadores.
- A iluminación mediante "portátiles" efectuarase utilizando portalámpadas estancos con mango illante e reixa de protección da lámpada.
- Prohíbese conecta-los cables ós cadros de subministración eléctrica de obra sen utiliza-las caravillas adecuadas macho-femia.
- As escadas que se han de empregar serán do tipo de tesoira, dotadas de zapatas antiesvarantes e cadeíña limitadora de apertura para evita-los riscos por traballos realizados sobre superficies inseguras.
- Protexeranse os ocos existentes na obra (ascensor, escaleiras, patios, etc.) cunha rede horizontal de seguridade para elimina-lo risco de caída desde altura e utilizaranse escadas ou estaribeis de burros.
- O transporte dos tramos de entubado ó lombo por un só home realizarase inclinando a carga cara a atrás, de tal forma que o extremo que vai por diante supere a altura dun home para evitar golpes e tropezos con outros operarios en lugares pouco iluminados ou iluminados a contra luz. Os tubos pesados serán transportados por dúas persoas.
- Manteranse limpos de cascotes e recortes os lugares de traballo. Limparanse conforme se avance, amoreando o entullo para a súa recollida, co obxecto de evita-lo risco de pisadas sobre obxectos.
- Evitarase soldar en lugares cerrados para evita-lo risco de respirar produtos tóxicos.
- O local destinado a almacena-las bombonas ou botellas de gases licuados situarase en lugar seguro e ventilado, disporá de porta de seguridade con pechadura e terá iluminación artificial, se é o caso, realizada con material estanco antideflagrante.
- Na porta do almacén colocarse un cartel indicativo do risco de explosión e o de prohibido fumar.
- Notificaráselle a todo o persoal a data na que se van realiza-las probas en carga da instalación e das caldeiras co interese de que non se corran riscos innecesarios.
- Os lugares de paso estarán sempre libres de obstáculos. No caso de cruzamento de entubado por lugares de paso protexeranse cubríndoos con taboleiros ou tablóns co fin de evitar riscos de caídas.
- Os climatizadores e extractores de gran tamaño izaranse coa axuda de balancíns indeformables mediante o gancho do camión guindastre. Pousarase no chan sobre unha superficie preparada a priori de tablóns de repartimento.
- As cargas suspendidas gobernaranse mediante cabos que suxeitarán dous operarios dirixidos polo encargado ou capataz, para evitar riscos de atrapamentos, cortes ou caídas por oscilación da carga.
- Os trácteles ou carracas de soporte do peso ascendido ou descendido ancoraranse a lugares seguros.
- O abasto de "fan-coiles", equipos de ventá ou consolas colocaranse en lugar adecuado.
- A montaxe da maquinaria nas cubertas non se iniciará ata que conclúa o cerramento perimetral da cuberta para elimina-lo risco de caída.
- Os conductos de chapa cortaranse e montaranse en lugares adecuados para evita-los riscos por interferencia. As chapas metálicas serán retiradas do abasto para o seu corte e formación do conducto por un mínimo de dous homes para evitar riscos de caída por desequilibrio e cortes.
- Durante o corte con cizalla, as chapas permanecerán apoiadas sobre os bancos e suxeitas para evita-los accidentes por movementos indesexables, en especial das follas recortadas.
- Os tramos de conducto evacuaranse da zona de traballo o antes posible para a súa conformación na localización definitiva, e evitar accidentes por saturación de obxectos.
- As pranchas de fibra de vidro serán cortadas mediante coitela nun banco.
- Non se deben abandonar no chan coitelas, obxectos cortantes, grampadoras e remachadoras para evita-los accidentes por pisadas de obxectos.
- As reixas montaranse desde escadas de tesoiras dotadas de zapatas antiesvarantes e cadeíña limitadora de apertura para elimina-lo risco de caída.

5.18. INSTALACIÓN DE ASCENSORES

A.- Descrición dos traballos:

As instalacións de aparellos elevadores adóitanas realizar empresas especializadas que actúan por subcontratación. Suxírese tomar precaucións. É importante ter presente que a montaxe da instalación debe ser directamente axudada pola albanelería. Nestas tarefas en común pode darse o caso de que sexan dúas subcontratas, a de ascensoristas e a de albanelería, as que actúen, polo que se pode producir un estado de descontrol de riscos e seguridade.

Por outra parte, lémbrese que coa chegada dos instaladores á obra, esta chega ó punto de máxima actividade e interferencia entre intereses de produción. É nesta fase na que máis control se precisa exercer.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 06 Pisadas sobre obxectos
- 07 Choques e golpes contra obxecto inmóviles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 10 Proxección de fragmentos ou partículas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 15 Contactos térmicos (chama soprete)
- 16 Contactos eléctricos
- 21 Incendios

C.- Normas básicas de seguridade:

- Comproba-lo estado dos medios auxiliares.
- Orde e limpeza en cada tallo.
- Abasto ordenado dos materiais.
- As máquinas portátiles terán dobre illamento ou toma de terra e protección diferencial.
- Non usar como toma de terra os tubos de auga.
- As conexións eléctricas faranse sen tensión.

D.- Proteccións individuais:

- Mono de traballo.
- Casco de seguridade.
- Cinto de seguridade.
- Calzado de seguridade.
- Botas illantes para montaxes e probas baixo tensión.
- Guantes illantes para montaxes e probas baixo tensión.
- Guantes de coiro.
- Mandil de coiro.
- Guantes de goma ou PVC.
- Lentes de soldador.
- Pantalla de soldadura.
- Manoplas e polainas de coiro

E.- Proteccións colectivas:

- Uso dos medios auxiliares adecuados.
- Orde e limpeza na zona de traballo.

F.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- A iluminación nos tallos e vías de circulación será a suficiente e adecuada en cuanto a intensidade, cor e protección, colocadas de tal forma que non supoña un risco para os traballadores.
- A iluminación mediante “portátiles” efectuarase utilizando portalámpadas estancos con mango illante e reixa de protección da lámpada.
- Prohíbese conecta-los cables ós cadros de subministración eléctrica de obra sen utiliza-las caravillas adecuadas macho-femia.
- As escadas que se vaian empregar serán do tipo de tesoiras, dotadas de zapatas antiesvarantes e cadeíña limitadora de apertura para evita-los riscos por traballos realizados sobre superficies inseguras.
- Protexeranse os ocos cunha rede horizontal de seguridade para elimina-lo risco de caída desde altura e utilizaranse escadas ou estaribeis de burros.
- Os lugares de traballo manteranse limpos de cascotes e recortes. Limparanse conforme se avance, amoreando o entullo para a súa recollida co obxecto de evita-lo risco de pisadas sobre obxectos.
- Non se realizará o pendurado do cable dos trácteles portantes da plataforma provisional de montaxe, ata esgotarse o tempo necesario para o endurecemento do punto forte de seguridade que ha de soporta-lo conxunto, baixo a bancada superior.
- Antes de inicia-los traballos cargarase a plataforma co peso máximo que deba soportar, aumentado nun 40% de seguridade. Esta proba de carga executarase a unha altura de 30 cm. sobre o fondo do oco do ascensor.
- Antes de tende-los chumbos para o planeamento de guías e cables da cabina, verificarase que tódolos ocos de acceso ó oco do ascensor están cerrados con varandas provisionais sólidas, de 90 cm. de alto, formadas por pasamáns, listón intermedio e rodapé de 15 cm.
- A lousa de formigón da bancada superior do oco do ascensor estará deseñada cos orificios precisos para poder realizar sen risco, a través deles, as tarefas de apomado das guías.

6. MEDIOS AUXILIARES

6.1. ESTARIBEIS EN XERAL

A.- Descrición dos traballos:

Neste apartado recóllense unha serie de medidas preventivas de aplicación xeral cando se utilicen estaribeis, coa intención de darlle a máxima operatividade a este manual.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 03 Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóbiles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 16 Contactos eléctricos
- 26 Outros: derivados do padecemento de enfermidades non detectadas como epilepsia, vertixe, mareo, etc.

C.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Botas de seguridade segundo os casos.
- Calzado antiesvarante segundo os casos.
- Cinto de seguridade para traballos a 2 o máis metros de altura.
- Roupas de traballo.
- Traxes para ambientes chuviosos.
- Guantes de coiro

D.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- Os estaribeis sempre se arristrarán para evita-los movementos indeseables que poden facer perdérlle-lo equilibrio ós traballadores.
- Antes de subir a unha plataforma de estaribeis deberá revisarse toda a súa estrutura para evita-las situacións inestables.
- Os tramos verticais (módulos ou pés dereitos) dos estaribeis apoiaranse sobre os tablóns de repartimento de cargas.
- Os pés dereitos dos estaribeis nas zonas de terreo inclinado suplementaranse mediante tacos ou porcións de tablón, trabadas entre si e recibidas ó dormente de repartimento.
- As plataformas de traballo terán un mínimo de 60 cm. de ancho e estarán firmemente ancoradas ós apoios de tal forma que se eviten os movementos por deslizamento ou volta.
- As plataformas de traballo situadas a dous ou máis metros de altura posuirán varandas perimetrais completas de 90 cm. de altura, formadas por pasamáns, barra ou listón intermedio e rodapé.
- As plataformas de traballo permitirán a circulación e intercomunicación necesaria para realiza-los traballos.
- Os tablóns que formen as plataformas de traballo estarán sen defectos visibles, con bo aspecto e sen nós que mingüen a súa resistencia.
- Prohíbese abandonar nas plataformas sobre os estaribeis materiais ou ferramentas porque poden caer sobre as persoas ou facerlles tropezar e caer ó camiñar sobre elas.
- Prohíbese fabricar morteiros ou similares directamente sobre as plataformas dos estaribeis.
- A distancia de separación dun estaribel e o paramento vertical de traballo non será superior a 30 cm. para previr caídas.
- O encargado inspeccionará diariamente os estaribeis antes do inicio dos traballos para previr fallos ou faltas de medidas de seguridade.
- Os elementos que presenten algún fallo técnico ou mal comportamento desmontaranse de inmediato para reparalos ou substituílos.
- Tenderanse cables de seguridade ancorados a “puntos fortes” de estrutura nos que amarra-lo fiador do cinto de seguridade, necesario para permanecer ou pasar polos estaribeis.

6.2. ESTARIBEIS SOBRE BURROS

A.- Descrición dos traballos:

Estes estaribeis son os de máis variada utilización polo súa fácil montaxe e os poucos elementos de formación. Deben terse presentes as diversas modalidades de burros cunhas alturas de formación de plataformas que poden ser fixas ou variables.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 03 Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóbiles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 26 Outros: derivados do padecemento de enfermidades non detectadas como epilepsia, vertixe, mareo, etc.

C.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Botas de seguridade segundo os casos.
- Calzado antiesvarante segundo os casos.
- Cinto de seguridade para traballos a 2 ou máis metros de altura.
- Roupa de traballo.
- Traxes para ambientes chuviosos.
- Guantes de coiro

D.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- Os burros sempre se montarán perfectamente nivelados para evita-los riscos por traballar sobre superficies inclinadas.
- Os burros de madeira estarán sans, perfectamente encolados e sen oscilacións, deformacións ou roturas para elimina-los riscos por fallo, rotura espontánea e abaneo.
- As plataformas de traballo ancoraranse perfectamente ós burros para evitar balanceos e outros movementos indesexables.
- As plataformas de traballo non sobresaírán polos laterais dos burros máis de 40 cm. para evita-lo risco de volta por basculamento.
- Os burros non estarán separadas “a eixes” entre si máis de 2,50 metros para evita-las grandes frechas, indesexables para as plataformas de traballo xa que aumentan os riscos ó pandear.
- Os estaribeis formaranse cun mínimo de dous burros. Prohíbese expresamente substituír estas por “bidóns”, “morea de materiais” e asimilables para evitar situacións indesexables.
- Sobre os estaribeis de burros só se manterá o material estritamente necesario e repartido uniformemente pola plataforma de traballo para evita-las sobrecargas que mingüen a resistencia dos tablóns.
- Os burros metálicos de sistema de apertura de peche ou tesoura estarán dotados de cadeíñas limitadoras da apertura máxima, tales que garantan a súa perfecta estabilidade.
- As plataformas de traballo sobre burros terán unha anchura mínima de 60 cm. (3 tablóns trabados entre si) e o grosor do tablón será como mínimo de 7 cm.
- Os estaribeis sobre burros cunha plataforma de traballo que estea situada a dous ou máis metros de altura posuirán varandas perimetrais sólidas de 90 cm. de altura, formadas por pasamáns, barra ou listón intermedio e rodapé.
- Os burros metálicos para sustentar plataformas de traballo situadas a 2 ou máis metros de altura arriostaranse entre si mediante “cruces de San Andrés” para evita-los movementos oscilatorios que fagan o conxunto inseguro.
- Os traballos en estaribeis sobre burros nos balcóns, bordos de forxado, cubertas e beirís terán que estar protexidos do risco de caída desde altura por algún destes sistemas:
 - Pendurado de puntos fortes de seguridade da estrutura e cables nos que amarra-lo fiador do cinto de seguridade.
 - Pendurado desde os puntos preparados para iso no bordo dos forxados, de redes tensas de seguridade.
 - Montaxe de pés dereitos firmemente acuñados ó chan e ó teito, nos que se poida instalar unha varanda sólida de 90 cm. de altura, medidos desde a plataforma de traballo, formada por pasamáns, listón intermedio e rodapé.
- A iluminación eléctrica mediante portátiles estará montada a base de manguera antihumidade con portalámpadas estanco de seguridade con mango illante e reixa protectora da lámpada, conectados a cadros de distribución.

6.3. ESTARIBEIS COLGADOS

A.- Descrición dos traballos:

Neste apartado recóllense unha serie de medidas preventivas de aplicación xeral cando se utilicen estaribeis colgados coa intención de darlle a máxima operatividade a este manual.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 03 Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóbiles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 16 Contactos eléctricos
- 26 Outros: derivados do padecemento de enfermidades non detectadas como epilepsia, vertixe, mareo, etc.

C.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Botas de seguridade segundo os casos.
- Calzado antiesvarante segundo os casos.
- Cinto de seguridade para traballos a 2 o máis metros de altura.
- Roupas de traballo.
- Traxes para ambientes chuviosos.
- Guantes de coiro

D.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- Como norma xeral disporanse os estaribeis colgados de varanda dianteira de 70 cm. de altura, formada por pasamáns e rodapé, varanda idéntica á anterior, para peche de tramos de estaribeis colgados, chan de material antiesvarante e varanda posterior de 90 cm. de altura formada por pasamáns, listón intermedio e rodapé.
- Prohíbese unir varias guíndolas formando un conxunto de estaribeis de lonxitude superior a 8 metros, por motivos de seguridade do conxunto.
- A separación entre a cara dianteira do conxunto de estaribeis e o paramento vertical no que se traballa non será superior a 30 cm. para previr caídas de persoas durante os traballos en posición vertical. Para traballos en posición sedente, permitiranse distancias de separación de ata 45 cm.
- Para previr movementos oscilatorios instalaranse puntais perfectamente acuñaos entre os forxados, ós que amarra-los arriostramentos dos estaribeis colgados.
- Prohíbense as pasarelas de tablóns entre guíndolas de estaribeis colgados. Utilizaranse sempre módulos normalizados.

6.4. ESTARIBEIS METÁLICOS TUBULARES

A.- Descrición dos traballos:

Débese considerar, para decidir sobre a utilización deste medio auxiliar, que o estaribel metálico tubular está comercializado con tódolos sistemas de seguridade que o fan seguro (escaleiras, varandas, pasamáns, rodapés, superficies de traballo, bridas e pasadores de ancoraxe dos tablóns, etc.).

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 03 Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobre esforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 16 Contactos eléctricos
- 26 Outros: derivados do padecemento de enfermidades non detectadas como epilepsia, vertixe, mareo, etc.

C.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Botas de seguridade segundo os casos.
- Calzado antiesvarante segundo os casos.
- Cinto de seguridade para traballos a 2 o máis metros de altura.
- Roupa de traballo.
- Traxes para ambientes chuviosos.
- Guantes de coiro

D.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- Durante a montaxe dos estaribeis metálicos tubulares teranse presentes as seguintes especificacións preventivas:
 - Non se iniciará un novo nivel sen antes ter concluído o nivel de partida con tódolos elementos de estabilidade e arriostramentos.
 - A seguridade alcanzada no nivel de partida xa consolidada será tal que ofrecerá as garantías necesarias como para poder amarrar a el o fiador do cinto de seguridade.
 - As barras, módulos tubulares e tablóns izaranse mediante sogas de cânabo atadas con nós de mariñeiro ou mediante eslingas normalizadas.
 - As plataformas de traballo consolidaranse inmediatamente trala súa formación mediante abrazadeiras de suxeición contra basculamentos.
 - Os parafusos das mordazas apertaranse por igual e realizarase unha inspección do tramo executado antes de inicia-lo seguinte para previ-los riscos pola existencia de parafusos frouxos ou de falta dalgún deles.
- As plataformas de traballo terán un mínimo de 60 cm. de anchura.
- As plataformas de traballo limitaranse dianteira, lateral e posteriormente por un rodapé de 15 cm.
- As plataformas de traballo terán montada sobre a vertical do rodapé posterior unha varanda sólida de 90 cm. de altura, formada por pasamáns, listón intermedio e rodapé.
- Os módulos de base dos estaribeis apoiaranse sobre tablóns de repartimento de cargas nas zonas de apoio directo sobre o terreo e estarán dotados de bases nivelables sobre parafusos sen fin co motivo de garantir unha maior estabilidade do conxunto.
- Os estaribeis tubulares montaranse a unha distancia igual ou inferior a 30 cm. do paramento vertical no que se traballa.
- Os estaribeis tubulares arriostraranse ós paramentos verticais, ancorándoos ós puntos fortes de seguridade da fachada ou da estrutura.
- As cargas izaranse ata as plataformas de traballo mediante roldanas montadas sobre forcas tubulares suxeitas mediante un mínimo de dúas bridas ó estaribel.
- Prohíbese facer pastas e morteiros directamente sobre as plataformas para previr superficies escorregadizas que poidan facer cae-los traballadores.

6.5. ESTARIBEIS METÁLICOS SOBRE RODAS

A.- Descrición dos traballos:

Este medio auxiliar está conformado como un estaribel metálico tubular, instalado sobre rodas en vez de sobre fusos de nivelación e apoio. Utilízase nos traballos que requiren o desprazamento do estaribel.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 03 Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóbiles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 26 Outros: derivados do padecemento de enfermidades non detectadas como epilepsia, vertixe, mareo, etc.

C.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Botas de seguridade segundo os casos.
- Calzado antiesvarante segundo os casos.
- Cinto de seguridade para traballos a 2 o máis metros de altura.
- Roupa de traballo.
- Traxes para ambientes chuviosos.
- Guantes de coiro

D.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- As plataformas de traballo se consolidarán inmediatamente trala súa formación mediante abrazadeiras de suxeición contra basculamentos.
- As plataformas de traballo sobre os estaribeis rodantes terán un ancho mínimo de 60 cm. e formarse con tablóns de 7 cm. de grosor.
- Na base e ó nivel das rodas montaranse dúas barras en diagonal por razóns de seguridade e para face-lo conxunto indeformable e máis estable.
- As plataformas de traballo montadas sobre as torretas sobre rodas limitaranse no seu contorno cunha varanda sólida de 90 cm. de alto, formada por pasamáns, barra intermedia e rodapé.
- Prohíbese transportar persoas ou materiais sobre as torretas sobre rodas durante as manobras de cambio de posición para previr caídas dos operarios.
- Prohíbese subir a/ou realizar traballos apoiados sobre as plataformas de estaribeis sobre rodas sen ter instalado previamente os freos antirrodaxe das rodas.

6.6. ESCADAS

A.- Descrición dos traballos:

Este medio auxiliar adoita estar presente en tódalas obras, adoita ser obxecto de prefabricación rudimentaria, en especial ó comezo da obra ou durante a fase de estrutura; esta práctica é contraria á seguridade, debe impedirse nas obras.

Especialmente a escada adoita se-lo elemento auxiliar menos coidado de cantos interveñen nunha construción, manexada con despreocupación é orixe de accidentes de entidade.

As escadas tradicionalmente apóianse en posición inclinada ou son de tesoiras; poden estar constituídas por elementos metálicos ou de madeira. As que poden presentar maior preocupación son as de madeira, case sempre por incorrecto mantemento.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 03 Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóbiles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- 26 Outros: Derivados do padecemento de enfermidades non detectadas como epilepsia, vertixe, mareo, etc.

C.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Botas de seguridade segundo os casos.
- Calzado antiesvarante segundo os casos.
- Cinto de seguridade para traballos a 2 o máis metros de altura.
- Roupa de traballo.
- Traxes para ambientes chuviosos.
- Guantes de coiro.

D.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- As escadas de madeira terán os largueiros dunha soa peza, sen defectos nin nós que poidan mingua-la súa seguridade.
- Os chanzos ou travesaños de madeira estarán ensamblados.
- As escadas de tesoiras estarán dotadas na súa articulación superior de topes de seguridade de apertura.
- As escadas de tesoiras estarán dotadas cara á metade da súa altura de cadeíña ou cable de aceiro de limitación de apertura máxima.
- Prohíbese utilizar escadas para salvar alturas superiores ós 5 metros.
- As escadas estarán dotadas no seu extremo inferior de zapatas antiesvarantes.
- As escadas estarán firmemente amarradas no seu extremo superior ó obxecto ou estrutura ó que dan acceso.
- As escadas superarán en 90 cm. a altura que hai que salvar.
- Non transportar pesos a man ou ó lombo iguais ou superiores a 25 kg. nas escadas.
- O acceso ás escadas realizarase un tras outro, queda prohibido que dous ou máis operarios utilicen a escada ó unísono.
- O ascenso e descenso a través das escadas efectuarase frontalmente; é dicir, mirando directamente cara ós chanzos que se están utilizando.

6.7. PUNTAIS

A.- Descrición dos traballos:

Este elemento auxiliar é manexado correntemente ou polo carpinteiro encofrador ou polos peóns. Os puntais adoitan formar parte dalgún elemento de seguridade como aperto, sustento, pé dereito, etc.

B.- Riscos máis frecuentes:

- 01 Caída de persoas a distinto nivel
- 02 Caída de persoas ó mesmo nivel
- 03 Caída de obxectos por afundimento ou derrubamento
- 04 Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación
- 05 Caída de obxectos ou ferramentas desprendidos
- 07 Choques e golpes contra obxectos inmóviles
- 09 Golpes e cortes por obxectos, máquinas e/ou ferramentas
- 11 Atrapamento ou esmagadura por ou entre obxectos ou máquinas
- 13 Sobre esforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos

C.- Equipos de protección individual:

- Casco de seguridade.
- Botas de seguridade segundo os casos.
- Calzado antiesvarante segundo os casos.
- Cinto de seguridade para traballos a 2 o máis metros de altura.
- Roupa de traballo.
- Traxes para ambientes chuviosos.
- Guantes de coiro

D.- Recomendacións para reduci-los riscos:

- Os tablóns dormentes de apoio dos puntais que deban traballar inclinados con respecto á vertical serán os que se acuñarán. Os puntais apoiaranse de forma perpendicular á cara do tablón.
- Os puntais cravaranse ó dormente e á sopanda para conseguir unha maior estabilidade.
- Os puntais arriostaranse horizontalmente utilizando abrazadeiras.
- Os puntais de madeira serán dunha soa peza, en madeira sa preferiblemente sen nós e seca.
- Acuñaranse con dobre cuña de madeira superposta na base, cravándose entre si.
- Prohíbese empalmar ou suplementar con tacos ou fragmentos de puntal os puntais de madeira.

7. MEDICINA PREVENTIVA E PRIMEIROS AUXILIOS

Estableceranse as medidas precisas para implantar un sistema sanitario para previr enfermidades profesionais, en función dos riscos posibles e atende-los primeiros auxilios na propia obra para o cal se disporá na oficina da obra dunha caixa de urxencias que conteña o material especificado na Ordenanza de seguridade e hixiene no traballo.

